

RESOLUCIÓN REITORAL DO 08 DE XULLO DE 2024, POLA QUE SE PROCEDE Á CONVOCATORIA DE UN CONTRATO PREDOUTORAL FINANCIADO POLA FUNDACIÓN CAIXA RURAL GALEGA TOMÁS NOTARIO VACAS

INDICE

Preámbulo

Aspectos xerais

- Artigo 1. Obxecto e finalidade da convocatoria
- Artigo 2. Normativa aplicable
- Artigo 3. Órganos competentes para a instrución e resolución do procedemento
- Artigo 4. Comunicación entre a USC e as persoas interesadas

Requisitos xerais de participación

- Artigo 5. Requisitos xerais das persoas solicitantes

Características das actuacións e réxime económico

- Artigo 6. Orzamento da convocatoria
- Artigo 7. Concorrencia e réxime de compatibilidade do contrato
- Artigo 8. Características xerais do contrato
- Artigo 9. Composición da comisión de avaliación
- Artigo 10. Dereitos e obrigas do persoal investigador en formación
- Artigo 11. Renuncias, interrupcións e incorporación de reservas
- Artigo 12. Avaliación da actividade formativa predoutoral
- Artigo 13. Prazo e forma de presentación das solicitudes
- Artigo 14. Contido e documentación da solicitude
- Artigo 15. Revisión das solicitudes
- Artigo 16. Avaliación e selección das solicitudes
- Artigo 17. Proposta de resolución
- Artigo 18. Resolución de concesión e réxime de recursos

ANEXO I. Modelo de Declaración Responsable.

ANEXO II. Eixos Científicos

Preámbulo.

A Universidade Santiago de Compostela creou unha carreira investigadora propia a través do Acordo sobre a clasificación profesional e as condicións retributivas do persoal investigador e do persoal de apoio a investigación (DOG num.237 de 24 de novembro, modificado DOG 180 do 17 de setembro de 2021 e modificado DOG N°107 do 6 de xuño de 2022), co obxectivo de dar estabilidade a este colectivo e potenciar a continuidade das investigacións que desenvolven. No primeiro nivel desta carreira atópase o persoal investigador predoutoral en formación, modalidade contractual establecida pola Lei 14/2011, de 1 de xuño, da ciencia, a tecnoloxía e a innovación, cuxo obxecto e a realización de tarefas de investigación, no ámbito dun proxecto específico e novidoso.

O doutoramento é un proceso de aprendizaxe complexo que ten por obxecto formar doutores e doutoras de calidade, con preparación para enfrontarse a unha carreira investigadora e académica competitiva coas mellores garantías de éxito.

Neste sentido, a Universidade de Santiago de Compostela (USC) a través do Convenio de Colaboración coa Fundación Caixa Rural Galega Tomás Notario Vacas, convoca **1 contrato** dirixido a investigadores predoutorais que desenvolvan a súa actividade no Campus Terra, co obxectivo de contribuír á promoción e mellora da calidade da educación superior, da actividade investigadora, do desenvolvemento e da innovación universitaria.

En canto aos criterios para a selección, esta contempla que o 90% da puntuación final de cada persoa aspirante se obterá sobre a media do seu expediente académico de acceso ao doutoramento, establecendo unha nota mínima de 6 puntos. O 10% restante da puntuación final acadarase con outros méritos presentados polo/a candidato/a.

A selección rexerese polo disposto no Regulamento de selección de persoal investigador e de apoio a investigación no marco de actividades e programas de I+D+i para as convocatorias ordinarias.

Artigo 1. Obxecto e finalidade da convocatoria.

O obxecto da presente resolución, que se realiza en réxime de concorrencia competitiva, é a de promover a formación de investigadores predoutorais que realicen unha tese de doutoramento nalgún dos programas de doutoramento ofertados pola (USC) e relacionada con calquera dos eixos científicos recollidos no ANEXO II.

Convócanse **1 contrato**, podendo presentarse cada candidato/a unicamente a un dos eixos científicos do ANEXO II, cos requisitos que figuran nas bases da presente convocatoria.

Artigo 2. Normativa aplicable

A selección para as contratacións desta convocatoria rexeráse polos principios de publicidade, mérito e capacidade co obxecto de garantir unha selección eficaz, eficiente, transparente e obxectiva, de conformidade co Regulamento de selección de persoal investigador e de apoio a investigación no marco de actividades e programas de I+D+i da Universidade de Santiago de Compostela.

O contrato rexeráse polo Acordo sobre a clasificación profesional e as condicións retributivas do persoal investigador e do persoal de apoio a investigación (DOG num.237 de 24 de novembro, modificado DOG 180 do 17 de setembro de 2021 e modificado DOG Nº107 do 6 de xuño de 2022). Así mesmo, será de aplicación o disposto na Lei 14/2011, do 1 de xuño, da ciencia, a tecnoloxía e a innovación e no Real decreto 103/2019, do 1 de marzo, polo que se aproba o Estatuto do persoal investigador predoutoral en formación.

A contratación do persoal investigador predoutoral realizarase respectando os principios establecidos na Recomendación da Comisión Europea, de 11 de marzo de 2005, relativos a Carta europea e o Código de conduta para a contratación de persoal investigador.

Artigo 3. Órganos competentes para a instrución e resolución do procedemento

O órgano competente para a instrución do procedemento de selección será a Vicerreitoría de Política Científica da USC.

O órgano competente para ditar as correspondentes resolucións de selección será o reitor ou persoa en quen delegue.

Artigo 4. Comunicación entre a USC e as persoas interesadas

A comunicación de todas as actuacións que se realicen no procedemento realizarase a través dos medios electrónicos que se establecen nesta convocatoria.

Finalizado o prazo de presentación de solicitudes, a Reitoría publicará a listaxe de solicitudes admitidas e excluídas sinalando, no seu caso, as causas de exclusión no taboleiro electrónico da USC (<https://sede.usc.es/sede/publica/taboleiro/inicio.htm>). A utilización dos medios electrónicos establecidos será obrigatoria tanto para a notificación ou publicación dos actos administrativos que se diten. O resto dos trámites previstos nesta convocatoria poderán publicarse no taboleiro electrónico, na páxina web da USC con carácter complementario ou notificarse a través de Sede electrónica da Universidade de Santiago de Compostela.

Artigo 5. Requisitos xerais das persoas solicitantes

1. Sen prexuízo dos requisitos de carácter xeral establecidos no Regulamento de selección de persoal investigador e de apoio a investigación no marco de actividades e programas de I+D+i da USC, a presente convocatoria está destinada a contratación de titulados/as universitarios/as que na data de finalización do prazo de presentación de solicitudes reúnan os seguintes requisitos:
 - a) Atoparse en posesión dun título oficial español de grao ou equivalente, e de Máster universitario ou equivalente, sempre que se superaran, polo menos, 300 créditos ECTS no conxunto das dúas ensinanzas.
 - b) Así mesmo, poderá acceder quen se atope nalgún dos seguintes supostos:
 - Estar en posesión dun título universitario oficial español, ou doutro país integrante do Espazo Europeo de Educación Superior, que habilite para o acceso a Máster de acordo co establecido no artigo 18 do Real decreto 822/2021, do 28 de setembro, polo que se establece a organización das ensinanzas universitarias e do procedemento de aseguramento da súa calidade e superar un mínimo de 300 créditos ECTS no conxunto de estudos universitarios oficiais, dos que, polo menos 60, haberán de ser de nivel de Máster.
 - Estar en posesión dun título oficial español de Grao, cuxa duración, sexa de polo menos 300 créditos ECTS.
 - Os titulados universitarios que, logo da obtención de praza en formación na correspondente proba de acceso a prazas de formación sanitaria especializada, superasen con avaliación positiva polo menos dous anos de formación dun programa para a obtención do título oficial dalgunha das especialidades en Ciencias da Saúde.
2. Que a data de finalización dos estudos de grao, licenciatura, arquitectura, enxeñaría, arquitectura técnica, enxeñaría técnica, diplomatura ou equivalente en sistemas universitarios estranxeiros non adaptados ao Espazo europeo de educación superior (EEES) sexa igual ou posterior ao **1 de xaneiro de 2019**.
 - a) Estar en posesión dun título obtido conforme a sistemas educativos estranxeiros, sen necesidade da súa homologación, previa comprobación pola universidade de que este acredita un nivel de formación equivalente a do título oficial español de Máster Universitario e que faculta no país expedidor do título para o acceso a estudos de doutoramento. Esta admisión non implicará, en ningún caso, a homologación do título previo do que estea en posesión a persoa interesada nin o seu recoñecemento a outros efectos que o do acceso a ensinos de Doutoramento.
 - b) Plan de investigación encadrada nalgún dos eixos científicos que se recollen no Anexo II desta convocatoria, e desenvolver a súa actividade no Campus Terra da Universidade de Santiago de Compostela.
3. Non poderán ser solicitantes, nin acceder a contratación que se incentiva, quen se atope en calquera das seguintes circunstancias:
 - a) Ter iniciado a súa formación predoutoral con financiamento doutras axudas destinadas

a formación predoutoral a través do desenvolvemento dunha tese doutoral que se outorgaron no marco do Plan Estatal de Investigación, Desenvolvemento e Innovación Tecnolóxica ou dalgún dos anteriores Plans Nacionais, de axudas predoutorais da Comunidade Autónoma de Galicia, así como calquera outro programa de formación predoutoral.

- b) Estar en posesión do título de Doutor, por calquera universidade española ou estranxeira.

Artigo 6. Orzamento da convocatoria

A contía inicial prevista para o contrato desta convocatoria é de **78.042,00 €** e financiarase con cargo a partida orzamentaria 8183-29F8-64000 do orzamento de gasto da USC, de acordo coas dispoñibilidades orzamentarias. Terase en conta os posibles incrementos que podan xurdir durante o transcurso do contrato derivadas das actualizacións que correspondan, de ser o caso.

Artigo 7. Concorrencia e réxime de compatibilidade do contrato

O contrato financiado será incompatible coa vixencia de calquera outro contrato laboral por parte do persoal investigador en formación contratado e coa percepción de calquera contía que teña natureza salarial, cando iso prexudique a finalidade investigadora e formativa do contrato e/ou se produza no seu mesmo horario, así como coa percepción doutras axudas ou bolsas que teñan unha finalidade análoga.

Porén, o contrato será compatible coas percepcións que procedan de axudas:

- a) Para asistencia a congresos e reunións científicas.
- b) Para estadias breves e traslados temporais, concedidas por organismos públicos ou privados, nacionais ou internacionais, sempre que a súa duración non supere na súa totalidade, os 6 meses ao longo do período de duración da axuda.

As persoas contratadas deberán comunicar á USC, quen dará traslado á Fundación Caixa Rural Tomás Notario Vacas, a obtención doutras axudas, subvencións, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas.

O persoal investigador contratado ao abeiro desta convocatoria poderá colaborar en tarefas docentes ata un máximo de 60 horas anuais, a petición propia e co informe favorable do director ou directora de tese e a autorización do departamento correspondente, respectando en todo caso a normativa vixente de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas. Estas colaboracións non poderán supor unha redución da carga docente do departamento que as asigne.

Artigo 8. Características xerais do contrato

O contrato terá unha duración de **tres anos**. Poderán prorrogarse por un ano mais, no caso de que exista dispoñibilidade orzamentaria e coa aprobación da Fundación Caixa Rural Tomás

Notario Vacas. O contrato formalizarase baixo a modalidade de contrato predoutoral, prevista no Acordo sobre a clasificación profesional e as condicións retributivas do persoal investigador e do persoal de apoio a investigación (DOG num.237 de 24 de novembro, modificado DOG 180 do 17 de setembro de 2021 e modificado DOG Nº107 do 6 de xuño de 2022) e na Lei 14/2011, do 1 de xuño, da ciencia, a tecnoloxía e a innovación (BOE do 2 de xuño), con dedicación a tempo completo.

Para poder desfrutar deste contrato, será requisito indispensable estar matriculado/a nun programa de doutoramento da USC no momento da sinatura do contrato

De conformidade cos artigos 20 e 21 da citada Lei 14/2011, do 1 de xuño, a consecución da titulación de doutoramento porá fin á etapa de formación do persoal investigador, e a partir dese momento dará comezo a etapa postdoutoral. O persoal investigador en formación ten a obriga de comunicar a data da súa lectura de tese cunha antelación de 15 días naturais a que esta se produza, ante a Subárea de Convocatorias e Programas de RRHH a través do correo electrónico: investigacion.rrhh@usc.gal, co fin de formalizar unha addenda ao contrato de traballo na que recolla que o obxecto do contrato será a orientación posdoutoral por un período máximo de 12 meses e sempre e cando a totalidade do contrato non exceda dos 3 anos de duración.

A retribución salarial que recibirá o persoal investigador en formación durante este período axustarase ao establecido no Acordo sobre clasificación profesional e condicións retributivas do persoal investigador de apoio a investigación USC (DOG 180 de 17/09/2021). As pagas extraordinarias abonaranse prorrateadas mensualmente na devandita retribución.

Ademais do financiamento para a contratación das persoas seleccionadas, poderase engadir unha axuda adicional para cubrir gastos derivados da realización de estadias en centros de I+D durante o tempo de vixencia do contrato.

En relación coa axuda adicional, poderase conceder unha única axuda para unha estancia de duración de 3 meses, que estará financiada con 4.000 €.

Estas estadias deberán realizarse durante o segundo ano de vixencia do contrato co obxectivo de realizar actividades beneficiosas para mellorar a súa formación e impulsar o desenvolvemento da súa tese, así como completar e afianzar a formación investigadora adquirida.

As estadias deberán asegurar un grao de mobilidade e/ou internacionalización á que non se accedeu por formación académica anterior ou por outros factores tales como residencia ou nacionalidade, e en ningún caso ocasionar un atraso na finalización dos estudos de doutoramento.

As estadias poderanse realizar noutros centros de I+D, públicos ou privados, incluíndo empresas, estranxeiros ou españois, sempre que os centros estean situados fóra de Galicia.

En todo caso, deberán ser autorizadas pola Vicerreitoría de Política científica, a través do seguinte formulario:

<http://imaisd.usc.es/guiaconvocatorias.asp?i=gl&s=-2-26-319-365&id=4922&t=1&st=10>

Artigo 9. Composición da comisión de avaliación

Constituirase unha comisión para a avaliación de todas as solicitudes presentadas de conformidade co disposto no artigo 7 do Regulamento de selección de persoal investigador e de apoio a investigación no marco de actividades e programas de I+D+i da na Universidade de Santiago de Compostela.

Estará constituída por dous membros da USC e tres membros externos á USC, na conformación da comisión, tanto de titulares como de suplentes, tenderase á paridade entre mulleres e homes.

A comisión avaliadora estará formada por:

Comisión Titular:

Presidenta: Marta Miranda Castañón. Catedrática de Universidade Área Producción Animal. Universidade de Santiago de Compostela.

Secretaria: Teresa Rodríguez López. Profesora Titular de Universidade Área Zooloxía. Universidade de Santiago de Compostela.

Vogal 1: Irene Suárez Fernández. Directora del Laboratorio Nacional de Sanidad Vegetal (LNSV). Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación.

Vogal 2. David Fernández García. Xefe da Área de Bioloxía Molecular do Laboratorio de Sanidade e Producción Animal de Galicia. Xunta de Galicia

Vogal 3. Un representante, con título de Doutor, designado pola Fundación Caixa Rural Tomás Notario Vacas

Comisión Suplente:

Presidenta: Teresa Taboada Rodríguez. Profesora Titular Área de Edafoloxía e Química Agrícola. Universidade de Santiago de Compostela.

Secretario: Ramiro Barcia Vieitez. Profesor Titular Departamento de Bioquímica. Universidade de Santiago de Compostela.

Vogal 1: Velasco Gil Garrote. Catedrático de Universidade Área de Enxeñaría Química. Universidade de Vigo.

Vogal 2: Ana Isabel Roca Fernández. Dra. Bioloxía. Profesora de Educación Secundaria.

Vogal 3: Un representante, con título de Doutor, designado pola Fundación Caixa Rural Tomás Notario Vacas.

O funcionamento da Comisión de Avaliación axustarase ao previsto na Sección 3ª, do Capítulo II do Título Preliminar da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público, relativo aos órganos colexiados.

Os membros das comisións deberán absterse de intervir, notificándollo ao reitor da Universidade, cando concorran neles circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, do

1 de outubro, de réxime xurídico do Sector público. Por maior abastanza, seralles requirida pola USC unha declaración de ausencia de conflito de intereses. Así mesmo, os/as aspirantes poderán recusar aos membros da comisión cando concorra algunha das circunstancias anteriormente citadas.

Artigo 10. Dereitos e obrigas relativas ao persoal investigador en formación

A USC deberá:

- a) Proporcionar ao persoal investigador contratado o apoio necesario e facilitarlle a utilización das instalacións, equipos e medios materiais, formativos ou de calquera outro tipo que resulten precisos para o adecuado desenvolvemento da súa actividade.
- b) Velar polo desenvolvemento adecuado do programa de doutoramento, sen que poida esixirse ao persoal investigador en formación a realización de calquera outra actividade que non estea relacionada co desenvolvemento da súa investigación ou da formación específica requirida.

De maneira xeral, a persoa contratada terá as seguintes obrigas:

- a) Comunicar á Vicerreitora de Política Científica a data do acto de defensa e aprobación da tese de doutoramento do persoal investigador en formación contratado no prazo mínimo de 10 días hábiles antes de que se produza.
- b) Comunicar a Vicerreitora de Política Científica as renuncias, interrupcións e demais incidencias durante a vixencia do contrato no prazo máximo de 10 días hábiles desde que se produzan.
- c) Cumprir con aproveitamento as distintas etapas de realización da tese, de participación en proxectos de investigación aos que se atope incorporado e de formación docente.
- d) Axustarse as normas de funcionamento do centro de adscrición da USC, en canto a dedicación, función que debe desempeñar, horarios e vacacións.
- e) Realizar o seu labor no centro de adscrición e coñecer e cumprir as normas de seguridade e saúde laboral do centro no marco da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais.
- f) Solicitar autorización á Universidade para calquera ausencia temporal de conformidade coa normativa que as regule.
- g) En caso de renuncia ao contrato, deberá comunicala a Vicerreitoría de Política Científica cunha antelación mínima de 15 días naturais, a través do correo electrónico investigacion.rhh@usc.es
- h) Presentar os informes requiridos nesta convocatoria. Neste sentido, e a requirimento da Fundación, a persoa beneficiaria deberá realizar un informe do estado e evolución da súa tese durante o período de realización da mesma.
- i) A persoa beneficiaria da o seu consentimento a participar en actos públicos ou entrevistas en medios de comunicación co obxecto de divulgar a actividade investigadora e/ou obtención do seu título de doutorado, a petición da USC ou da Fundación

Artigo 11. Renuncias, interrupcións e incorporación de reservas.

A renuncia da persoa seleccionada que se produza previamente a sinatura do contrato poderán dar lugar a incorporación de candidatos/as de reserva dentro de cada eixo científico.

Poderase propoñer un novo contrato de acordo coa prelación sinalada na lista de agarda derivadas da selección prevista nesta convocatoria coa condición de que a renuncia se produza antes do remate do ano natural na que foi convocada. A persoa substituta quedara suxeita ás mesmas condicións e polo tempo restante de aproveitamento da axuda.

Durante o período de contrato predoutoral, as persoas contratadas poderán solicitar a interrupción e a prórroga da duración do contrato correspondente ao tempo da suspensión se produzan polas seguintes causas:

- a) Nacemento.
- b) Adopción.
- c) Garda con fins de adopción ou acollemento.
- d) Risco durante o embarazo.
- e) Risco durante a lactación natural de menores de nove meses.
- f) Incapacidade temporal durante o embarazo por causas vinculadas con el.
- g) Incapacidade temporal por causas distintas as do punto anterior por un período mínimo dun mes.
- h) As situacións previstas no artigo 45.1.n) do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, como medida de protección das mulleres vítimas de violencia de xénero.

Artigo 12. Avaliación da actividade formativa predoutoral

A Vicerreitoría de Política Científica solicitará á comisión académica do programa de doutoramento o informe de seguimento anual dos traballos relativos a investigación das persoas doutorandas.

O persoal contratado presentará ante a Vicerreitoría de Política Científica un informe final que terá por obxecto acreditar se a persoa beneficiaria leu a súa tese de doutoramento, e no caso de non tela defendido, indicar en que situación se atopa a evolución da súa tese.

Artigo 13. Prazo e forma de presentación das solicitudes

O prazo de presentación das solicitudes será desde 15 días naturais a partir do día seguinte ao da súa publicación no taboleiro electrónico da USC.

As solicitudes de participación serán presentadas polas persoas que cumpran os requisitos establecidos no artigo 5, de conformidade co procedemento que se describe neste artigo.

A presentación de solicitudes realizarase achegando a documentación requirida a través da Sede Electrónica da USC:

<https://sede.usc.es/sede/publica/persoais/rexistroEntrada/acceso.htm>

Aquelas solicitudes que non realicen a presentación conforme ao disposto no apartado anterior teranse por desistidas, previa resolución que debera ser ditada nos termos previstos no artigo 21 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

Artigo 14. Contido e documentación da solicitude

1. A presentación de solicitude na Sede Electrónica da USC deberá anexar a seguinte documentación:

- a) Copia do pasaporte en vigor, unicamente no caso das persoas estranxeiras non residentes en territorio español.
- b) Copia do expediente académico de grao e/ou máster onde figuren expresamente as cualificacións de todas as materias, tal e como se establece no apartado a) do artigo 5 desta convocatoria.

No caso de que a persoa interesada realizase os seus estudos de grao, e de máster no seu caso, nunha Universidade española distinta da USC deberá remitir certificado académico correspondente ás titulacións que se posúa ou ás ensinanzas superadas na data de presentación da solicitude, expedido ou facilitado pola institución académica.

No certificado deberán figurar as cualificacións obtidas e datas de obtención destas correspondentes ás materias que constitúen o programa das titulacións ou ensinanzas que se recollan.

Cando se trate dunha titulación obtida en centros estranxeiros deberán facer constar unha certificación de equivalencia de notas medias de estudos universitarios realizados en centros estranxeiros.

(<https://www.educacionyfp.gob.es/servicios-ao-cidadan/catalogo/gestion-titulos/estudios-universitarios/titulos-estranxeiros/equivalencia-notas-medias.html>)

- c) Declaración responsable do/a profesor/a cuxa investigación estea aliñada con algún dos eixos científicos (Anexo II) para a que a persoa candidata realiza a solicitude, onde declare o seu compromiso para dirixir o seu traballo de tese de doutoramento cuxo modelo se recolle no Anexo I desta convocatoria e no que se indique a que eixo científico se vincula dita tese.
- d) Plan de investigación, que se vai a realizar para a obtención do grao de doutor/a, cunha extensión máxima de 3.000 palabras, asinado pola persoa investigadora e pola persoa que se compromete a dirixir a tese, no que consten especificamente, polo menos, os seguintes aspectos:

- Obxectivos e contidos básicos do traballo.
- Metodoloxía.

2. Cada persoa unicamente poderá presentar unha solicitude para un dos eixos científicos (Anexo II). A área de coñecemento á que se vinculará a súa solicitude deberá ser a área de coñecementopertencente á persoa que se compromete a dirixir a tese da persoa candidata.

3. No formulario electrónico de solicitude da USC, farase constar a declaración responsable por parte da persoa solicitante de non gozar, previamente á presentación da solicitude, dun

contrato predoutoral.

4. A presentación dunha solicitude implica o consentimento para a comunicación a terceiros dos datos recollidos nela, co obxecto do tratamento posterior dos datos con fins históricos, estatísticos ou científicos, no marco da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

Artigo 15. Revisión das solicitudes

O órgano instrutor efectuará a revisión das solicitudes presentadas, verificando tanto o contido e a documentación achegada como o cumprimento dos requisitos establecidos na convocatoria cuxa comprobación non requira de ningunha valoración científica ou técnica.

Se, como resultado da devandita revisión, se detectase o incumprimento dalgún dos requisitos establecidos na convocatoria ou se detectasen na solicitude erros emendables, requirirase á persoa solicitante para que, no prazo de 3 días a través da Sede electrónica da USC, formule alegacións, emende a falta ou achegue a documentación preceptiva, con advertencia de que se non o fixese teráselle por excluído do procedemento ou desistido da súa solicitude, de acordo co previsto no artigo 17 da orde de bases e o artigo 68 da Lei do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, respectivamente.

O órgano instrutor realizará de oficio cantas actuacións considere necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales debe formularse a proposta de resolución, incluíndo a acreditación documental de calquera dos méritos achegados na solicitude. Se do exame das solicitudes e da documentación presentada se desprendese que se omite información esencial para o proceso de avaliación ou conteñen información ou datos inexactos, contraditorios, incongruentes ou falsos, o órgano de instrución poderá excluír dita solicitude do procedemento, mediante resolución na que se fará constar tal circunstancia, sen prexuízo das responsabilidades administrativas, civís ou penais a que houbese lugar. Poderanse solicitar cantos informes se estimen necesarios para resolver o procedemento.

Artigo 16. Avaliación e selección

A puntuación máxima de selección das candidaturas será de 100 puntos, como resultado da suma da puntuación obtida en relación aos seguintes criterios:

- Méritos xerais. Nota media do expediente académica, ata un máximo de 90 puntos
- Méritos específicos. Valorarase con 10 puntos outros méritos presentados polo/a candidato/a.

A nota de selección resultante expresarase con tres decimais, redondeada á milésima máis próxima, e, en caso de equidistancia, á superior.

1. Avaliación e puntuación da solicitude.

A avaliación terá en conta a suma da puntuación obtida nos seguintes méritos:

a) Méritos xerais (valoración máxima 90 puntos sobre 100)

A Nota Media de Selección calcularase e expresará con tres decimais, redondeada á milésima máis próxima, e, en caso de equidistancia, á superior.

Nota media do expediente académico da persoa candidata. As persoas propostas deberan obter polo menos unha nota mínima de 6 puntos sobre 10 no expediente académico que lle dea acceso ao programa de doutoramento da área de coñecemento para a que presenta solicitude.

Será calculada de acordo cos seguintes criterios:

No caso de persoas candidatas que concorran con ensinanzas conducentes á obtención do título de graduada ou graduado de menos de 300 créditos, diplomada ou diplomado, enxeñeira técnica ou enxeñeiro técnico, arquitecta técnica ou arquitecto técnico e mestra ou mestre, e que teñan acreditado o título de máster, a nota media realizarase tendo en conta estes estudos máis a totalidade dos créditos superados no máster ou equivalente. Neste caso, o cálculo realizarase de acordo coa seguinte fórmula:

$$(X * C1 + M * C2) / (C1 + C2)$$

Onde:

- **X:** nota media obtida no grao ou no primeiro ciclo.
- **M:** nota media obtida no máster ou equivalente.
- **C1:** créditos superados no grao ou no primeiro ciclo.
- **C2:** créditos superados no máster ou equivalente.

b) Méritos específicos (valoración máxima 10 puntos sobre 100)

Nivel certificado de idioma estranxeiro ata un máximo de 6 puntos (B1 ou equivalente, 2 puntos; C1 ou equivalente, 4 puntos, C2 ou equivalente, 6 puntos).

Unha titulación de grao adicional vinculada ás áreas de Ciencias, Ciencias da Saúde, Ciencias Sociais e Xurídicas, e Enxeñaría e Arquitectura, en relación co eixo do anexo II (4 puntos).

2. Selección de solicitudes

A comisión de avaliación, valoradas todas as solicitudes, elaborará unha proposta provisional de concesión por orde de puntuación adquirida por cada persoa solicitante, así como, unha lista de solicitudes de reserva para substituír á persoa proposta para concesión nos supostos de renuncia por parte desta. A lista de agarda ordenarase de acordo coa puntuación total obtida para cada un dos eixos de especialización.

Artigo 17. Proposta de resolución.

De conformidade co previsto no Regulamento de selección de persoal investigador e de apoio a investigación no marco de actividades e programas de I+D+i, o órgano competente para a instrución, á vista do informe da comisión de avaliación, formulará a proposta de resolución provisional. Esta proposta será publicada no taboleiro electrónico da USC e, con carácter complementario na páxina web da Vicerreitoría de Política Científica da USC. A proposta de resolución conterá a relación das persoas solicitantes seleccionadas e as listaxes de agarda e os eixos con que se vinculan.

Artigo 18. Resolución de selección e réxime de recursos

Publicarase a resolución definitiva por parte do reitor da Universidade.

Contra a resolución do procedemento, que pon fin a vía administrativa, poderase interpor, potestativamente, recurso de reposición ante órgano que a ditou se a resolución fora expresa, no prazo dun mes ou, se non o fose, a partir do día seguinte a aquel no que finalice o prazo máximo para a resolución do procedemento, de acordo co disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro.

Sen prexuízo do anterior, contra a resolución do procedemento cabe interpor recurso contencioso- administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Santiago de Compostela, no prazo de dous meses, se a resolución fóra expresa, ou de seis meses se non o fose, de acordo co disposto nos artigos 9.1.c) e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso administrativa.

ANEXO I. Declaración responsable.

 		 <p>Fundación Caixa Rural Galega Tomás Notario Vacas</p>	
<p>ANEXO I - DECLARACIÓN RESPONSABLE DE VINCULACIÓN DE TESE</p> <p>CONTRATO PREDOUTORAL USC</p>			
DATOS DA PERSOA CANDIDATA			
Apelidos, nome:			
DNI:			
Tfn. Móbil:		Enderezo electrónico:	
DECLARACIÓN RESPONSABLE DA PERSOA DIRECTORA DA TESE DE DOUTORAMENTO			
Apelidos, nome:			
Departamento/Instituto/Centro Singular:			
Área de coñecemento á que pertence:			
Código do grupo de investigación:			
Eixo científico do anexo II <input type="text"/>			
<p>DECLARA</p> <p>Que ao abeiro da convocatoria propia de contratos predoutorais da USC, se compromete a dirixir a tese de doutoramento da persoa candidata indicada neste documento no caso de ser beneficiara dunha axuda desta convocatoria.</p>			
A persoa directora da tese de doutoramento:		Sinatura da persoa candidata.	
<input type="text"/>		<input type="text"/>	
Santiago de Compostela, <input type="text"/>			

ANEXO II. EIXOS CIENTÍFICOS

Eixos Científicos
1. Produción Vexetal e Agricultura Sostible.
2. Produción e Saúde Animal Sostible.
3. Alimentación Segura e Saudable.
4. Xestión Forestal Sostible

Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

Asinante/Firmante/Signer: ANTONIO LOPEZ DIAZ, REITOR, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA,
09/07/2024 12:10:40.

CSV: CAC8-3160-4AE5-945C